

Programa Coopera Rural: Fortalecendo o tecido cooperativo no rural galego

[En colaboración coa Rede Eusumo e o Programa de Emprego, formación, educación e economía social (EFESO) do FSE+]

DATAS REALIZACIÓN	Do 3 de xuño ao 24 de xullo de 2024	DURACIÓN	75 horas 25 horas curso
HORARIO	Haberá 6 sesións virtuais – 2 por cada curso – en horario de mañá a través de www.aulaespazocoop.com		
LUGAR CELEBRACIÓN	A través da Aula Virtual de EspazoCoop: www.aulaespazocoop.com		
PERSOA DE CONTACTO	Patane García Méndez	TELÉFONO	697877773
		E-MAIL	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRTE [PREME AQUÍ](#)

OBXECTIVOS

- Achegar o modelo cooperativo ás persoas vinculadas ao medio rural para potenciar o emprendemento a través da fórmula do autoemprego cooperativo.
- Mostrar de xeito práctico e achegado á realidade as condición e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Achegar recursos e medidas de apoio existentes que favorezan o emprendemento colectivo no rural.
- Coñecer recursos e metodoloxías que nos axudan a traballar e mellorar as habilidades sociais.
- Desenvolver habilidades persoais clave no traballo colaborativo.
- Coñecer que debemos analizar e ter en conta para facer da nosa idea un proxecto cooperativo viable.
- Elaborar conxuntamente o prototipo do proxecto.
- Avaliar requisitos e compromisos como grupo promotor, tarefas a desenvolver e calendario de actuación.

PROGRAMA E CONTIDOS

Acción 1: Emprendemento en cooperativa (25 horas) | do 3 ao 18 de xuño | Sesións virtuais: 4 e 18 de xuño de 11:00 a 12:30 hs.

Módulo 1.- O emprendemento. A situación actual no emprego. Presentación de Espazocoop, a Rede Eusumo e o programa EspazoCoop Emprende.

Módulo 2.- O cooperativismo de traballo, alternativa de emprego.

Módulo 3.- Organización e financiamento. Apoios para o emprendemento no rural.

Módulo 4.- Experiencia cooperativa. Boas prácticas de cooperativismo no rural

Acción 2: Habilidades e competencias para o traballo en equipo nas cooperativas (25 horas) | do 19 de xuño ao 7 de xullo | Sesións virtuais: 19 de xuño e 4 de xullo de 11:00 a 12:30 hs.

Módulo 1.- A Comunicación.

Módulo 2.- O traballo en equipo.

Módulo 3.- A toma de decisións.

Módulo 4.- O liderado nas cooperativas.

Acción 3: Desenvolvendo a idea cooperativa (25 horas) | do 9 ao 24 de xullo | Sesións virtuais: 11 e 23 de xullo de 11:00 a 12:30 hs.

Módulo 1.- Identifica o teu proxecto cooperativo. | Módulo 2.- Analiza as áreas comercial e de mercado.

Módulo 3.- Estuda a viabilidade económica e financeira. | Módulo 4.- Planifica a área organizativa e os trámites de constitución.

METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno, coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación. Cada curso terá dúas sesións virtuais de aprendizaxe que complementan os materiais do curso.

DIRIXIDO A

Persoas que se atopan buscando emprego, persoas emprendedoras, persoas ocupadas, vinculadas co medio rural e con interese en desenvolver un proxecto de emprendemento cooperativo. Composición do grupo: mínimo 10 e máximo 20 persoas.



Este programa enmárcase:

- No programa de actuación 2023-2024 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para o fomento do cooperativismo e a economía social.

- Programa de Empleo, Formación, Educación y Economía Social, EFESO, cofinanciado por el Fondo Social Europeo Plus para el periodo 2021-2027, a través del organismo intermedio CEPES.